


OLLÁNDONOS Nº51



Cos dedos entumecidos

Un Nadal máis. Como sempre, consigo uns días no xornal e volto a Monforte. Pouco semella presentar cambios dende o pasado inverno. Chego a casa e, tras os saúdos de cortesía e sen soltar a carpeta que sempre levo comigo, boto a andar polas rúas. Aló pome cunha néboa espesa, e non sei por que, pero sorpréndeme. Debería estar xa afeita, máis dun inverno a outro sempre esquezo ese frío que penetra nos ósos e intenta esnaquizalos, sentindo que van crebar en calquera intre. De súpeto, algo chama a miña atención. Unha praza nova? Non, ese espacio sempre estivo aí... A estatua! É a estatua. Antes había unha fonte, que por estas épocas víase xe

ada; agora, unha estatua. Semella un home sentado diante dunha mesa camilla, lendo, esperando a alguén que nunca chega a se sentar na baleira cadeira de enfronte.

Cruzo e miro a praca que ten os pés: é un poema. O home é Manuel María. Dáme mágoa; velo aí, sentado, inmóbil, só. E, como tampouco teño nada que facer, decido sentar con el mentres saco un folio e penso, collendo un lapis cos meus dedos entumecidos, en que contar no meu próximo artigo.

Nesas estaba cando unha moza chega, deixa unha rosa branca enriba do libro que Manuel mira imposible e, coa mirada máis tenra que endexamais vira, límpalle un fio de xeo (que me lembrou á fonte do ano anterior) que lle colga do nariz mentres, como escusándose, mírame e di:

-Non o ía deixar así, verdade? Amin non me gustaría que mo fixesen-. Sorri e vaíse, deixándolle a rosa ó escritor.

Tras ese pequeno incidente, ocorréseme este relato, que compuxen acto seguido, alí sentada con el, nunha estampa perfecta para as postais de Nadal, e onde descubrí que as esculturas tamén poden inspirar sentimentos que, polo xeral, só atribuímos á nosa especie.

Paula Martínez García

Rosalía de Castro

O GALEGO E ROSALÍA

Foi a muller máis importante da literatura galega do Rexurdimento; se non fora por ela e pola súa obra *Cantares Gallegos* publicada o 17 de maio de 1863, hoxe o galego podería estar atravesando outro século escuro. En conmemoración deste momento polo cal volveu nacer a literatura do noso país tódolos anos se adica este día a un escritor ilustre galego. Aínda que pareza mentira, non tivo as cousas nada fáciles; xa de por si era unha muller con tendencia á depresión e vivindo nun constante pozo sen saída. Isto influíu na súa obra romántica a nivel español e en especial na súa obra galega. Pola súa condición de muller pecháronlle moitas portas e non lle deron tanta importancia como aos homes, polo machismo que caracterizaba á sociedade desta época xa que esta consideraba a muller un ser inferior, que só servía para realizar as tarefas do fogar, criar fillos... A pesar destes obstáculos Rosalía nunca se rendeu e loitou por nós ata o derradeiro segundo da súa vida. E a todos estes contrastes hai que lle engadir outro non menos importante, que escribía en galego (que se consideraba unha lingua inferior usada pola xente ignorante, que non podía ir á escola e oprimida polo caciquismo).

Como conclusión diremos que Rosalía salvou o Galego da súa decadencia e demostrou que é unha lingua como outra calquera que debe ser respectada, valorada e usada en tódolos ámbitos da sociedade. E por último dicir que ningunha lingua debe ser superior a outra.

MIRIAM CASAS LÓPEZ

ROMINA GONZÁLEZ VÁZQUEZ

LAURA SARMIENTO GONZÁLEZ

4º ESO A



DE NÓS PARA ROSALÍA

Senón fose por Rosalía,
que a miña lingua defendeu,
non podería hoxe en día,
recoñecer que galega son eu.

Cando ninguén máis cría
na miña lingua e nación,
aí chegou Rosalía,
e defendeume de todo corazón.

A ti Rosalía, douche as grazas,
polo galego facer respectar,
e todos os que imos tras de ti
o teu labor queremos continuar.

O galego xa se pode usar
con liberdade e sen escapar,
se ti estiveras aquí,
a miña Galiza seguirías a admirar.



Ah, O lonxe...(Paranoia NºCXVI)

Albores de cinzas consumidas.
Noites de esquezo, recordos informes.
Unha luz brila ao lonxe; ah, o lonxe...
SON xor...do...

¡BERRA!: ¡Onomatopeya!
-“¡Oh! ¡No!” –Berrei.-“¿Ma tó peyá?”

E, á saída-exit, o pranto ex-pirou.
E-x-p-l-i-c-a-r p-a-r-a s-e-r-v-e-n -a-s p-a-l-a-b-r-a-s ¡NON!
E unha luz *brila* ao lonxe; ah, o lonxe...

Brais Romanos Díaz

A morte;

coma un son que xoga cos meus sentidos
coma unha luz que me cega,
coma un algo que me quere levar
que xoga comigo, só quere xogar.

A morte;

crúa morte, soño escuro,
bágoas do meu mar
unha espiña cravada nos ollos
só me quere cegar.

A morte,

como unha choiva de sangue
só me quere mollar
é unha tormenta de angustia
na miña vida no meu lar.

A morte; quere levame
só me quere levar
agárrame con tanta forza
que deixo de pensar.

Tanta morte, tanta vida
eu son a que quere marchar
lévame morte escura
eu tamén quero soñar.

A vida, longa vida
ideixa de facerme sangrar!
deixa que me leve
a súa vida, o meu lar.

PIERCINGS: UNHA APISOADORA PARA A TÚA BOCA

Unha enquisa realizada nos Estados Unidos de América, e publicada na revista Gaceta Dental pon de manifesto que o 70% dos portadores de piercing presentan algunha complicación.

E un dos problemas máis importantes pode ser que se leven a cabo por profesionais non cualificados.

Imos mencionar unha serie de complicacións que se producen:

-Complicacións durante a colocación do piercing:

*Dolor, xa que é un procedemento realizado xeralmente sen anestesia.

*Hemorragia, debido á gran vascularización da lingua.

*Lesión nerviosa.

*Infeccións e enfermidades transmisibles(VIH, hepatitis B e C, tétanos, tuberculose). O contaxio das enfermidades de transmisión débese á mala práctica e ó uso de material e de equipos sen as debidas medidas de desinfección e de esterilización.

-Complicacións inmediatas á colocación do piercing:

*Inflamación local da lingua. Unha lingua inflamada pode afectar á fala, á deglución e á mastigación.

*Fracturas

dentarias

*Traumatismos da mucosa alveolar lingual. A tendencia a xogar coa bóla do pendente, frotándoa contra a enxiva, produce erosións e feridas na mucosa.

-Complicacións tardías:

*Hiperplasia tisular. É posible o crecemento dos tecidos circundantes acompañado de dolor e de edema, debido á repetida irritación da mucosa

*Cracks do esmalte e fractura dos dentes, que son o resultado do hábito de mordisquear a bóla do pendente, mordela accidentalmente ó mastigar, ou tamén durante a colocación do piercing se non se fai de forma coidadosa.

*Recesión xinxival polo roce constante do metal.

*Aspiración ou inxestión, xa que a bóla podería ser aspirada ou inxerida se se desenrosca.

*Alerxias, debido o tipo de metais ou aliaxes que levan.

*Aumento da saliva como consecuencia da presenza dun corpo extraño.

*Formación de cálculo e placa bacteriana nas superficies metálicas.

*Halitose (mal olor do alento) e tincións dos dentes debido á dificultade da hixiene oral.

*Posibilidade de correntes galvánicas debido ó aceiro inoxidable do piercing e a outros metais de restauracións presentes na boca.

*Malposicións dentarias.

Por outra banda comentar que o Real Decreto 1088/2005 establece que as persoas que puxeran un piercing serán excluídas provisionalmente como donantes durante

seis meses, ou durante catro meses, se a proba de detección do virus da hepatitis C dera un resultado negativo.

PEPE GÓMEZ FOLE. DEPARTAMENTO DE SANITARIA.



TERESA MOURE 19

XII

06

Nunca
dixo o poeta chorando.
Pois vale, respostou a súa sombra.

Herba Moura

Unha muller de armas tomar,
que son as que nunca toman as armas,
porque as armas son elas mesmas.

OLLÁNDONOS Nº 57

TERESA MOURE

*“Unha muller de armas tomar,
que son as que nunca toman as armas,
porque as armas son elas mesmas”*

HERBA MOURA

*“Nunca
Dixo o poeta chorando
Pois vale, respostou a súa sombra.”*

IES DAVIÑA REY

19 - XII - 06

Ollándonos nº58b



Teresa Moure é unha das escritoras máis importantes e coñecidas das letras galegas actuais. Ten máis dunha ducia de traballos publicados má súa especialidade, pero é máis coñecida pola novela *Herba moura*, xa traducida ó castelán (*Hierba mora*), catalán (*Herba d' enamorar*) e proximamente poderase ler noutros idiomas máis. Gañou o premio Xerais 2005 e o premio da Crítica Galega con dita obra e o premio Lueiro Rei 2004 pola novela curta *A xeira das árbores*, tamén traducida ó castelán; e o premio Ramón Piñeiro de ensaio por *Outro idioma é posible*.

E é que as mulleres monfortinas... xa se sabe! Outro ensaio moi interesante e ameno (si, ameno, que a palabra ensaio bota a xente cara atrás) é *A palabra das fillas de Eva*, no que intercala contos que fan a túa mente traballar mentres estás a rir. Isto de intercalar estilos é algo ó que estamos afeitos despois de ler *Herba moura*, na cal Teresa Moure mestura tan ben cartas, poemas, receitas, fragmentos de diarios, parágrafos ensaísticos, diálogos... nos que as mulleres desatan as súas paixóns e mostran os seus sentimentos e entusiasmo. Con estas follas emprendemos unha viaxe ao século XVII, cando a herba moura chegou a Europa (coincidencia?) e coñecemos dúas mulleres da man da contemporánea Inés Andrade, gracias a unha tese sobre Descartes, o fondo que acompaña a historia.



OLLÁNDONOS Nº 58



“A herba moura ten un aquel misterioso xa que, como as boas historia, atesoura o máxico poder de calmar a dor e, como todas as mulleres, ten unha mala fama que en absoluto corresponde coas súas obras.” *Herba moura*



teresa moura

“O ser humano intenta desesperadamente superar as barreiras para comunicarse, para facerse entender, para saír da propia tribo. En todos estes casos, usa os medios que as linguas lle proporcionan. No entanto, non é raro que ante semellante barreira decida ensaiar solucións máis radicais, como a de elaborar un novo código que sirva de ponte para as comunidades que non poden comprenderse usando as linguas de seu.

A construción dunha lingua artificial para a comunicación internacional aporta, de entrada, dúas vantaxes ausentes destes remedios naturais. En primeiro lugar, unha lingua inventada pode superar en calidade ás linguas naturais [...]. En segundo lugar, a creación dunha lingua artificial evita que a través da lingua o mundo quede colonizado, invadido por unha determinada visión do mundo ou dun xeito de vida.”

Outro idioma é posible

“¿Por que Cinsenta perde un zapato baixado pola escaleira? ¿Era parva? Nótese a animadversión que o contista ten pola protagonista e inténtese o experimento: é case imposible desprenderse dun zapato baixando. Aínda máis grave, ¿por que o príncipe só a coñece cando vai disfrazada? ¿Por que cando vai na súa procura o día despois do baile non é capaz de identificala? ¿Vállelle, tal vez, como compañeira calquera que cumpra o requirimento de ter un pé do número axeitado?”

A palabra das fillas de Eva



«e cáseque as maneotas se nos xuntan ás bágoas / maldita maldita mocidade»

X. L. Méndez Ferrín



Ollándonos59

(versión compostelá II)

nana para a amante desnutrida

chucha o mel dos desertos a que leva as espiñas
e non hibema en cabanas de alelí
nin poboa illotes
prefire tan só
estrarse en pendentos sen tellado
e agardar o corpo esguío
que lle arrinque a dor do ventre

-gonzalo hermo-

(o "eu" da autora ensornece o dictame do lenzo)

a alquimista repousa as calugas nos vasos e botellas de vidro
(un *decameron* de trece versos por cantiga)

a alquimista renace ser *andróxino* do metis-fanes
(e renuncia a ser escravo de seo e pel

crisaor enroxecido baixo a testa dos xigantes)

(PIDNA)

-mónica sánchez-

na amargura dun vello, asasino da mentira
patriota obrigado dun deus triunfal
reflicto o fracaso do espello
unha miraxe que podo tocar se
achego as mans

e lambo o sangue das feridas

-francisco abilleira-



constrúen* cada habitación con xemidos de adobe e pintura. abandonan as marcas das falanxes no parque
e suplican polo seu apagamento, censurando o que aínda observan.
temos salitre nas xemas...

*preferiron un piso sen mobles porque ocupar o espacio coas posturas evidencia lírica. (tampouco había diñeiro para máis).

-alicia fernández-

ollandonos@hotmail.com

Ollándonos nº60


Un castigo moi orixinal



Un día de folga da pasada avaliación tiñamos clase de galego, e como eramos moi poucos os que estabamos na clase pasamos case toda a hora falando. Entón foi cando contei o que lle aconteceu ao meu pai cando era pequeno, un feito moi curioso e que non ocorre na actualidade.

Meu pai como o resto dos rapaces, falaba sempre galego, agás na escola xa que estaba prohibido, pero o costume do seu uso diario facía que algunhas veces se lle escapara algunha palabra. Este feito servíalle a un profesor, que aproveitaba o despiste dos seus alumnos/as para coleccionar selos, diredes vós qué teñen que ver os selos co galego...

Pois o certo é que este profesor tiña unha forma un pouco peculiar de castigar aos seus alumnos polo uso do galego: por cada palabra que dixeran en galego tiñan que traer ao día seguinte un número de selos. Para isto tiñase en conta o valor dos selos. Se estes eran de cartas que se enviaban a lugares próximos, como A Coruña, Vigo... , que eran os máis comúns polo que a maior parte das veces xa os tiña, eran de menor valor e tiñan que aportar un maior número deles. Sen embargo se os selos eran de lonxe, como era frecuente naquela época xa que había moita xente emigrante sobre todo en América, tiñan máis valor. Polo tanto meu pai e o



resto dos rapaces ían ás casas da aldea onde houbera xente na emigración. Esta forma tan peculiar e cómoda que o profesor tiña de coleccionar selos, non gustaba tanto aos pais dos rapaces, xa que tras pasar case todo o día na escola tiñan que buscar os selos e non podían axudar a facer as tarefas da casa, polo que tras varias

protestas dos pais, o profesor viuse obrigado a cambiar o castigo. Cal sería a mellor alternativa?

CRUZ E CARA

*Xente fuxindo,
nenos chorando,
vellos morrendo,
homes matando...*

*Odio nas almas,
sangue nos corpos,
xentes feridas,
montóns de mortos...*

*Rifas na familia,
fogares rotos,
nenos maltratados,
outros nenos orfos...*

*Estalidos de bombas,
mans no gatillo,
mozos con navallas,
ata nos partidos...*

*Os maiores matan,
os nenos pelexan,
¿que levamos dentro?
sentires de guerra:*

*Envexa e rancor,
odio e avaricia,
fáltanos amor
e falta ledicia*

*Paz, paz, paz,
ven aos corazóns,
o mundo rirá,
e será mellor.*

*Xente rindo,
nenos cantando,
vellos lendo,
homes traballando...*

*Amor nas almas,
saúde nos corpos,
xentes contentas,
flores nos hortos...*

*Harmonía na familia,
fogares unidos,
nenos felices
e ben mantidos...*

*Estalan foguetes,
as mans unidas,
os mozos bailan,
xentes queridas...*

*Os maiores axúdanse,
os nenos xogan,
nos corazóns,
sentires de gloria:*

*Calma, perdón,
amabilidade, sosego,
ledicia, amor,
esperanza, consolo...*

*Paz, paz, paz
¡Deus... Paz!*

Anuncia

A paz ferida

Noé o patriarca
botou unha pomba pola fiestra,
volveu cunha rama de oliveira,
simboliza a paz na terra.

Soltei unha pomba branca
e matárona no Irak
caíron as suaves plumas
onde o pazo do Sadam.

Quedoume un pequeno ovo
naceu outra pomba pequena
matárona alá no Kosovo
que alí tamén había guerra.

Merquei unha pomba na feira
e alimenteina moi ben
voou cara Chechenia
foi chegar alí e morrer.

Atopei unha fermosa pomba
de cor azul e violeta
voaba en liberdade
pero secuestrouna a ETA.

Outra moi atrevida
marchou cara ás Américas
quedou esfachicadiña
ao pé das Torres Xemelgas.

Algunhas desde Madrid
quixeron viaxar en tren ou avión
quedaron feitas anacos
no aeroporto ou na estación.

Cando volveu outra pomba
ver que pasaba no Irak
quedou petrificada e morta
ao ver aforcar a Sadam.

Guerras, pena de morte
abortos, eutanasia...
a morte como solución
as pombas non lles fai graza.

Infinitas son as pombas
que caen en calquera lugar
asasinadas polas bombas
e polo afán de matar.

Quedoume unha pomba fraca,
débil, moi esmirrada
precisa moitos coidados
case está afogada.

E que o mundo está ferido
case non queda calor
o mundo morre de frío
sofre de falta de amor.

A miña pomba está enferma
porque no mundo non hai paz
a xente nova de agora
seguro que a coidará.

Criarán un montón de pombas
que polo mundo soltarán,
coas súas mans ben unidas
ás pombas lles cantarán:


*Voade pombiñas brancas,
voade por toda a terra
que os rapaces e as rapazas,
non queremos que haxa guerras.*

*Voade pombas de cores
por pobos grandes e pequenos
enchede o mundo de amores,
e de sorrisos dos nenos.*

*Voade pombiñas brancas
voade pombas de cores
que os rapaces e rapazas
queremos tempos mellores.*

Ollándonos n° 63

Antroido 2006



Les Gilles de Binche

ORIGINES


Depuis le XVI^e siècle, la ville belge de Binche fête son célèbre Carnaval. Le personnage central est le "Gilles", dont l'origine serait une fête organisée par Marie de Hongrie en visite de son frère dans son château de cette fête, les Incas, «Gils» et tumes en rou.

1549, lors de la Charles Quint à Binche. Au cours invités, travestis en étaient appelés portaient des cosprovenance du Pé-

LA FÊTE

Le seul jour les Gilles, Mardi Gras, effectuent sorties: le ma- après avoir bu coupe de champagne, boificielle du roi du carnaval et déjeuné d'huîtres, repas traditionnel, ils mettent leur et accomplissent le rondeau À 15 h. ils sortent de noucette fois leur chache, dont et armés sur la Pour être

Le seul jour les Gilles, Mardi Gras, effectuent sorties: le ma- après avoir bu coupe de champagne, boificielle du roi du carnaval et déjeuné d'huîtres, repas traditionnel, ils mettent leur et accomplissent le rondeau À 15 h. ils sortent de noucette fois leur chache, dont et armés sur la Pour être



où sortent c'est le Ils deux tin, une son of petit di - masque matinal. veau, avec

peau de plumes d'autruche le prix atteint les 1000 € d'oranges, qu'ils lancent foule.

Gilles, il faut obligatoirement être un homme, belge, Binchois d'origine ou de residence depuis cinq ans.

Bioindicadores de contaminación

Ricardo López Plaza

A medida da concentración de contaminantes atmosféricos e os estudos de dispersión de contaminantes, aínda que moi útiles como medio de control atmosférico, non permiten determinar o efecto dos mesmos sobre os ecosistemas. Os estudos de **biomonitorización** son necesarios para establecer os **valores guía**, ou niveis de inmisión a partir dos cales comezan a aparecer as primeiras sinais de alteración ecolóxica.

A biomonitorización realízase mediante o estudo de **bioindicadores**, é dicir, seres vivos que polas súas características mostran unha sensibilidade particular a certos contaminantes atmosféricos ou teñen tendencia a acumular os contaminantes nos seus tecidos. Os métodos biolóxicos de monitorización ofrecen información sobre o nivel de toxicidade dos contaminantes a nivel celular, lesións do tecido nervioso dos animais, sinais de “stress” en animais e plantas, reaccións sinérxicas e antagónicas dos contaminantes,...



O emprego de especies animais e vexetais como indicadores da contaminación é usado desde hai máis de cen anos. Aínda que existen bioindicadores animais, os bioindicadores empregados habitualmente pertencen ó reino vexetal. Entre elas os líques e os musgos (briófitas) son as especies máis coñecidas como bioindicadores. Recientemente téñense desenvolvido un gran número de índices e procedementos de biomonitorización baseados no estudo de moi diferentes especies como algas, fungos e plantas superiores como as coníferas.



Os métodos de biomonitorización pódense efectuar a diferentes niveis: celular, tisular, orgánico, poboacional e de bioce-nose. Os parámetros a determinar dependen do tipo de planta e dos contaminantes a estudar. Os contaminantes habitualmente estudados son gases (NO_x , SO_x y O_3), metais pesados e sustancias orgánicas en especial os hidrocarburos.

PARÁMETROS DE ESTUDIO DOS BIOINDICADORES	
NIVEL DE ESTUDIO	PARÁMETROS
Poboación	Presencia ou ausencia de especies. Abundancia. Cuberta. Distribución topográfica. Biomasa. Taxas de crecemento
Morfoloxía	Coloración. Necrose. Malformacións.
Fisioloxía	Fotosíntese. Nivel de clorofila. Análise encimático. Procesos de membrana
Bioacumulación	Metais pesados. Hidrocarburos. Outros contaminantes orgánicos

Non lle poñades pegas á obra namentresd non se remata. O que pense que vai mal, que traballe nela:



hai sitio para todos

ALIMENTACIÓN E DEPORTE: COMPLEMENTOS IDEAIS PARA UNHA BOA SAÚDE E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

Non cabe dúbida que na sociedade na que vivimos actualmente, chea de presas, malos hábitos, estrés..., resulta complexo dedicar tempo a coidar o que debería ser básico e prioritario en cada persoa, a saúde. Nunca nos acordamos dela ata que nós, ou alguén moi próximo, deixamos de posuíla, sendo lamentablemente nalgúns casos demasiado tarde. Ademais, debemos considerar a saúde no seu concepto global e "moderno" de estado de benestar xeral a tódolos niveis e de eliminación da tensión e do estrés, non só no concepto "antigo" e simplista de ausencia de enfermidade.

A alimentación e o exercicio físico, revélanse como piares básicos na prevención e tratamento de moitas enfermidades, e contribúen a acadar ese estado de benestar xeral ó que debemos aspirar.

1. A alimentación, primeiro complemento, debe ser sa e equilibrada (55% hidratos de carbono, 30% graxas e 15% proteínas), o que provoca beneficios que contribúen a ese obxectivo:

-Sitúanos nun peso ideal.

-Sitúanos nos niveis adecuados de tensión arterial, colesterol, graxas e azucre en sangue.

-Reduce o risco de enfs. da civilización: obesidade, males cardiovasculares, diabetes ...

2. A práctica regular de deporte e o segundo complemento que nos permite acadar unha boa saúde, acadando múltiples beneficios como mantemento en boa forma, garantía dun bo ton muscular, prevención de enfermidades ...

Son especialmente recomendables os deportes que permiten ir aumentando a intensidade progresivamente e exercitan grandes grupos musculares ó menos unha hora (camiñar, correr, esquiar, ximnasia de mantemento, aerobic, bicicleta ...) porque queiman as reservas de graxas.

ALIMENTACIÓ CANDO FAGO DEPORTE:

Debo aumentar o consumo de alimentos ricos en hidratos de carbono (cereais, arroz, millo, galletas, pan, pastas alimenticias, patacas, legumes, froitas e zumes)

É importante tamén unha hidratación adecuada. Se o exercicio dura menos dunha hora non é necesario beber líquido, pero si é máis tempo aconséllase tomar tres vasos de auga 1 ou 2 horas antes de iniciar o exercicio, dous vasos 15 minutos antes, e un vaso cada 20 minutos durante o desenrolo da actividade. É fundamental non esperar a ter a sensación de sede, senón hidratarse antes. Se non o facemos podemos caer na deshidratación, que diminúe o rendemento físico, e pode chegar a provocar sensación de mareo, náuseas, vómitos e diarreas.

CONSELLOS:

-Deporte pola mañá: almorzo completo que inclúa lácteos, cereais, froita ou zume e complementos.

-Deporte pola tarde: comida sinxela e sen demasiadas graxas dúas horas antes de comezar: p.eX. prato de pasta, arroz ou verdura con pataca, carne ou pescado con guarnición vexetal e pan, e unha froita ou algún lácteo. Se é un bocadillo preferible que sexa de tortilla de pataca, acompañada de froita e/ou zume, e batido de chocolate ou infusión azucrada, co que aseguramos un bo aporte de hidratos de carbono, o mellor antídoto contra a "páxara".

-Se a actividade dura máis dunha hora, convén cada 60 minutos tomar un descanso para beber e inxerir algo sólido que conteña hidratos de carbono de rápida dixestibilidade para o organismo (galletas, chocolate, froitos secos....).

NON SE DEBE:

-Consumir exceso de alimentos ricos en proteínas (carnes, pescados, ovos, leite e suplementos especiais) co propósito de aumentar a masa muscular, cousa que non se produce, senón que ademais poden provocar unha sobrecarga renal (ó eliminar pola urina cantidades elevadas de urea, sustancia tóxica), perdas de calcio pola urina (aumenta o risco de osteoporose), ou unha alteración dos niveis de graxas e colesterol en sangue (aumenta o risco de enfermidades cardiovasculares).

-Consumir suplementos de vitaminas e minerais cando non se necesitan, é dicir, tomalas só cando se detectan carencias tras unha analítica.

YELLOW PIXOLIÑAS

HISTORIA DUN GRU-
PO

CAPÍTULO 1

OLLÁNDONOS
Nº68

Alá polo 1987 xúntanse cinco mozos na torre da Homenaxe para xogar ao parchís. Non se sabe se por algunha maldición bíblica ou polo tempo inestable, empezou a chover de forma desproporcionada para a data. Tal foi a desproporción daquel balón que se anegou todo o Val de Lemos, quedando illados aqueles intrépidos mozos que decidiran pasar unha tarde apracible xogando ao parchís. Como o desecamento de toda aquela auga ía para rato e o parchís empezaba a facerse monótono, decidiron que o xogo a partir de aquel momento serían as palabras encadeadas. Xogaron días e días ata que por unha desas curiosidades do azar alguén dixo Yellow Pixoliñas Orquestra (que así se chamou o grupo no primeiro momento, para máis tarde quedarse en Yellow Pixoliñas). Ao oír ese nome todos quedaron sorprendidos e convulsos, dicían "Que verbas tan sublimes!! Para que se poderían utilizar?"; outro comentaba "Este ten que ser un sinal divino, debemos estar chamados a facer algo importante"; ata que por fin, eles mesmos se decataron de que aquel ía ser o nome do grupo de rock máis rexoubeiro, informal e simpático que habería levar a mensaxe do rock rural a toda Galiza, e decidiron montar a banda.

Desta forma explicaba Tico aos medios de comunicación a recorrida pregunta: *E logo como vos formastes?* E entendendo esta primeira parte xa un se pode decatarse de que clase de grupo estamos a falar, un grupo irreverente que fixo parte desa historia que se chama rock cantado en galego.

A banda estaba formada nun principio por Tom (guitarra), Tico (voz), Tico di-cía que eran dúas persoas nunha (TomTico, din os maños das persoas non moi es-pabiladas), Tito (baixo), Juan (Guitarra), Javier (Batería). Os comezos non foron moi fáciles, ensaios no comedor do colexio das Gándaras, na casa de Ti-to, en Salcedo, ata que por fin encontramos o noso nicho ecolóxico: tratábase dun local en Ribas Altas. Noutroora fora unha corte de porcos e, sen saber se por iso ou porque había un bar moi cerca onde as cervexas eran moi baratas, sentiamos que aquel era o noso fogar. Pronto Juan deixou a banda. Non é que fose un alivio, pero para aquela época ir no seu SEAT 127 escoitando a toda pastilla "Sufre mamón" dos Hombres G, non daba precisamente a imaxe de rockei-ros duros que queriamos amosar. Así que os noso camiños separáronse alá polo 1989. Entrou a tocar a guitarra con nós Manolo da Penela, gran fulano. Sempre me lembrarei daquel concerto en Esteiro (Muros) onde empezou a facer un punteo a todas luces moi longo e toda a banda decidiu que nos daba tempo a baixar to-mar unhas cervexas, e así foi. Tan extasiado estaba Manolo co seu punteo que non se apercibiu de que estaba só, riba do escenario, ata que todos volvemos subir e seguimos tocando como se nada. Dende aquela para nós era o "Gran Mano-lo". Tamén decidiu que con aquela actuación chegara ao cume da súa carreira e decidiu abandonar o grupo. Tristemente, faleceu un ano despois o dito gran fu-lano, aquel Manolo.

Despois deste suceso a banda quedou unicamente con Tom como guitarrista e os catro pasamos a época máis esmorgueira, cun son en directo máis ca perrallei-ro, pero cunha vea creativa de Tico onde saíron temas gloriosos "Cagallós", "Pataca's Blues", "Merda nunha Zoca", "Na bodega". Mais, o dito, o grupo en directo estaba moi coxo e había que meter guitarrista solista.



Javier González, 1º de Saúde Ambiental

Logo de buscar durante moito tempo un guitarrista, atopamos ó mellor, e cando digo o mellor dígo coa boca moi chea, porque Franky segue sendo para min un deses guitarristas con técnica, clase e unha capacidade de traballo fóra de serie que fai del un dos mellores músicos que eu coñezo. O grupo parecía que estaba formado e non facía falla ninguén máis, pero non era así, e cóntovos.... Naquela época había outro grupo en Monforte que despuntaba chamado "Frente Norte".

Existía unha saudable rivalidade entre ámbolos dous grupos, pero non era así. Eles eran máis guapos, cantaban cousas máis doces ca nós. "Cuando el mar te arraste" era o seu hit e nós tiñámoslle feita unha versión "Cuando el mar te angace". O pique estaba ao día. Nós tiñamos máis concertos e a orixinalidade, mais eles tiñan as mozas guapas por iso vos digo que eramos como o Madrid-Barça, PP-PSOE. Así que na festa de aniversario dun deles decidimos facerlles a xogada, fichamos ao seu teclista Thierry. Creo que inda non nolo perdoan hoxe. Thierry veulle dar ao grupo un aire máis de banda grande e o certo é que soabamos moi ben...

Coa banda totalmente formada, chegou unha época de querer dar o gran salto e chegar a gravar un disco (disco, disco, que o noso primeiro traballo foi en vinilo de verdade). Hoxe fálase de gravar un disco como de ir tomar unha tapa ao Cardeal; calquera que teña coñecementos de informática e un oito pistas pode facer unha gravación decente, pónselle unha galleta atractiva e unha carpeta ao cd traballado e xa tes un disco. Outra cousa é a distribución, promoción, estas son palabras maiores. Pero ese tema xa non nos ocupa. Aquilo era algo artesanal e romántico, se me permitides a expresión (e se non ma permitides, aí queda).

Movémonos a esgalla e demos cunha solución moi práctica: cambiabamos cos concellos cento cincuenta mil das antigas ptas. por unha actuación de presentación do disco e funcionounos, conseguimos os cartos para entrar a gravar o noso primeiro disco. Que ben soaba iso de "o noso primeiro disco". Fomos aos estudos Sons Galiza, propiedade de Eloi Caldeiro (se o oíades tocar a batería, saberíades o porqué do seu apelido). Nun mes e medio quedou visto para sentenza o "Galician people speak galego", discazo onde os haxa, fresco, simpático e rompedor. Deunos moitas alegrías, e a verdade é que se vendeu moi ben.



Isto fixo que no segundo houbera máis medios, non tiñamos que comer bocadillos de chourizo tódolos días, podíamos durmir nunha cama quente e esas pequenas cousas que fai unha persoa normal. A nivel técnico contamos coa produción de Alberto Torrado (ex Siniestro Total e os Resentidos), tivemos colaboracións de luxo, Antón Reixa e Xurxo Souto meteron voces en "O Galo Vermello" e Soto (guitarrista de Siniestro Total gravou unha guitarra). A xente respondeu tamén moi ben a este traballo que levaba por título "Lacón Lover", cunha portada curiosa.

O cansazo empezaba pesar en nós, e como xa non estabamos motivados en absoluto, "os pixolas" ían en camiño de converterse nun traballo, e esa era a única cousa que ninguén quería. Polo que un día no noso fogar de Ribas Altas decidimos dar por rematado o grupo e para celebralo, a que non adiviñades que fixemos? Fomos meterlle ao corpo unha boa dose de churrasquina.

Con este disco chegaron os éxitos de verdade, xa parecíamos un auténtico grupo, desprazabámonos a tocar en microbús, unhas boas sesións de churrasquina (substancia proveniente do churrasco coas súas correspondentes salsas, e regado con viño, que os pixoliñas precisaban ter no corpo para poder tocar ben), de feito estudos posteriores de varias e reputadas universidades chegaron á conclusión de que se non existira o churrasco non existían "Os Pixolas".

Neste tempo tamén vífieron os éxitos do Xabarín Club: "Telexornal", "Xabarín xa te vir", "O home da bicicleta", e moitas actuacións na TVG, así como as Xabaxiras. Tanto foi así que parecía que nos estabamos convertendo no grupo institucional da TVG e decidimos non facer máis programas. Preparamos o terceiro disco "Non pises a herba", onde na portada aparecía unha vaca en actitude un tanto sospeitosa fumando non sei que, e a dous metros do chan...



A xente despois de deixar os pixolas emprenderon novas aventuras musicais "Doc magoo"s", "Capitansonoro", pero esa historia queda para o próximo número de "Ollándonos".

Javier Glez. 1º de Saúde Ambiental

Desexo infructuoso

Antonio non quería morrer e de tanto desexalo non morreu inmediatamente senón de maneira pausada, lenta, aos poucos, de xeito que co tempo acabou mudando nun esqueleto pero sen acabar de morrer por completo. E así andaba polo mundo, en forma de ósos brancos, pero a vida deste xeito fixose deseguido desagradable e solitaria xa que toda persoa que miraba para el recuaba, berrando con grande espanto na cara. Antonio estaba desesperado e contrariado pois lograra esquivar á morte, cousa que seguro ninguén no mundo fixera, pero ninguén ía crer a unha caveira andante, con buratos por ollos, carente de expresión. Pensou en dirixirse ao monte e vivir só, alonxado do mundo, pero non lle agradou a idea de facerse anacoreta. Despois de moito pensalo dirixiuse ó cemiterio máis próximo e alí preguntou por un sitio onde caer morto, definitivamente.



Decisións

Norberto colle un balón de baloncesto, bótao durante un chisco e logo disto decide que ser esférico podería estar ben. Concéntrase nese pensamento, apreta os dentes pechando moi forte os ollos, e para a súa sorpresa, transfórmase nun balón colorado de raias negras. A pesar do estupor non lle parece mal tal mutación e comeza a brincar por aí adiante fascinado pola súa nova natureza. Tras unhas horas de experimentación formidable acaba por aburrirse e entón trata de volver á súa forma anterior polo mesmo método pero non é quen de facelo. Logo de incontables intentos abandona impotente e angustiada, deixándose levar por unha pendiente ata que remata nun vertedoiro. Norberto queda aí finalmente e por fortuna, atopa outros balóns na súa mesma situación con quen compartirá a súa tristura, falando cada día ata o anoitecer dos vellos tempos nos que tiñan mans e dedos para agarrar cousas ou pés para pasear sen estar expostos a pendentes perigosas.

Breves apuntes sobre o Monforte do século XVIII

2

Rosa Guntiñas

Do interrogatorio pódense extraer, tamén outra ampla serie de datos sobre o Monforte da época cuxo estudio detallado permite sacar unha ampla serie de conclusións pero sería moi extenso e por iso limitareime simplemente a dar unha leve relación dos aspectos máis xerais:

A vila de Monforte é a mediados do século XVIII unha pequena poboación de 460 veciños (cabezas de familia) con 454 casas habitables 19 arruinadas, 246 adegas e casas terreñas accesorias, señorío da Condessa de Lemos que paga 29 empregados ou “dependentes da casa de Lemos” para administrar o patrimonio que ten, tanto no casco coma no seu termo como nota anecdótica pódese dicir que un deles é o Contador maior, alcaide do castelo desta vila e “das pezas de Talavera e vidro”.

A vila ten catro pontes, unha, a principal, sobre o Cabe, a da “Rinela” que se introduce na horta do colexio da Compañía de Xesús e outra no mesmo arroio máis arriba que se ve de paso no Camiño Real dende os Chaos para as Nocedas e outras localidades, a cuarta (“pasos de lousa”) no Zapardiel no camiño real para Lugo, Madrid e outros lugares. “Execútase” un mercado semanal e unha feira o 24 de cada mes grazas a un privilexio real de 1238 do Sto. Rei D. Fernando (Fernando III o “santo”) pero neste momento a vila mantén un problema con veciños dalgunhas freguesías que esixiron “non moitos anos pasados” 6 feiras mensuais con “notorio prexuízo do comercio desta vila”

A vila tamén dispón de cinco conventos e un hospital; o Mosteiro de S. Vicente do Pino (18 relixiosos e 13 criados) que posúe entre outras cousas, 8 casas, 4 adegas, 50 carneiros e 6 bois de labor e ten procuradores na Coruña, Valladolid, Madrid e Roma; convento de S. Xacinto, dominicos, (12 relixiosos, 3 criados) é foreiro do bispo de Lugo; Colexio da Compañía de Xesús (16 relixiosos, 7 criados) que posúe 9 casas e unha delas escola na Compañía (o interrogatorio recolle no apartado de oficios 28 pousadas de estudantes) e paga foro e outras rendas a varias persoas entre elas ao bispo de Lugo e S. Vicente do Pino; Convento de S. Antón, franciscano, e co maior número de monxes (33 e 3 de misas e 11 colexiados) e o Convento das Franciscanas Descalzas (15 relixiosas e 2 pais vicarios) finánciase coas rendas fiscais da cidade de Manípoli, Reino de Nápoles, e paga ao Mosteiro de S. Vicente polo sitio do convento 34 ferrados de centeo.

Breves apuntes sobre o Monforte do século XVIII

1

Rosa Guntifías

O trinta de abril de 1753 remátase o interrogatorio xeral levado a cabo na vila de Monforte durante o reinado de Fernando VI (1746-1758), 3º dos Borbóns cuxo breve reinado caracterízase polo pacifismo e intento de revitalización económica do país e para coñecer a “riqueza existente” elabórase o coñecido hoxe como Catastro de Ensenada (censo das fincas dun país) a través do cal se poden coñecer tipos de medidas, de cultivos e a súa distribución, froitos, produtividade, prezos medios, rendas, máquinas, negocios, oficios etc. dese momento.

Dito censo vai precedido na vila de Monforte dun interrogatorio xeral con 40 apartados aos que deben responder unha serie de persoas determinadas na presenza dun representante real e do secretario do Concello.

Así, para levar a cabo dito interrogatorio concorreron en Monforte ante D. Juan Francisco Yllanes, subdelegado da Real Xunta da única contribución (intento de Fernando VI de crear un imposto único para todo o seu reino que fracasou pola oposición popular) e “ante min escribano”, o pai prior do mosteiro de S. Vicente do Pino, por ausencia do abade, os curas párrocos das 27 freguesías do termo comarcal da vila de Monforte, o tenente corrixidor de Monforte, D. Pedro Blanco Luaces, o escribano do Concello, peritos do público, D. Pedro Quiroga e D. Francisco Covas e dous expertos por freguesía.

Dedúcese pois que os convocados, deixando á marxe aos representantes da “autoridade” local, pertencen ou ben ao terceiro estado (pobo) que son, dende a Idade Media ata o século XIX, os únicos que pagan impostos ao rei e señores laicos e eclesiásticos, ou ben ao estamento eclesiástico, pero non á nobreza, polo que este interrogatorio xeral pon de manifesto claramente a súa finalidade que era fomentar a economía (agricultura, industria, comercio), incrementar os ingresos facendísticos (contribución única) e consolidar a política regalista, iniciada polos RRCC, de control da Igrexa e as súas riquezas polo rei; é dicir intentar incrementar e racionalizar os ingresos reais para poder poñer en práctica medidas que impulsasen a economía e reforzasen o absolutismo ou “poder” do rei e manter o control da Igrexa e desta forma do pobo, pobre e ignorante pero católico, e neste terreo o éxito pódese dicir que foi total (1767 expulsión dos xesuítas pola súa oposición ao regalismo).

O interrogatorio iniciábase o 5-V-1753 e nel pódese ler:

A vila de Monforte de 2 1/3 légoas de contorno (máis ou menos 13 km) con 13 marcos que a circundan, o seu termo comarcal está constituído por 27 freguesías distribuídas en 3 termos xurisdiccionais, Monforte (18 fregu.), Pantón (7) e Sober (2).

A vila e o seu termo comarcal son señoría da condesa de Lemos, Dona Rosa Mª de Castro (XII), a quen lle corresponde por enaxenación da Real Coroa a xurisdición civil e criminal do casco da vila e o seu termo, con excepción do lugar de Sistiñ de Mato que pertence no xurisdicional ao Conde de Amarante (Sober), e demais oficios anexos a ela como froitos seus e que son alcabalas, penas de cámara, portazgo, mostrencos, e o dominio en parte do río Cabe, cuxas regalías pertencen á condesa (ignora o motivo da concesión e remítense aos títulos que se conservan nos seus arquivos). A maiores pagan todos os veciños dezmos ao Mosteiro de S. Vicente do Pino, “tanto maiores coma menores”. O rei non ten “máis finca nin renda que as xerais e as provinciais” a igrexa só recibe de rendas o voto do Apóstolo Santiago e non paga primacía xa que a vila redimiuse dela en tempos pasados con dito mosteiro.

Genaro

Genaro fora un ser fundamentalmente marcado polo malfado. Desde neno perseguírao unha mala estrela da que non podía liberarse. E isto non é só un dicir, senón unha constatación plenamente científica. Non cabe máis que lembrar o primeiro día de colexio, cando os mexos lle escorregaron polos pantalóns curtos de pana xusto no momento de entregarlle a tarefa á mestra. Tamén é sintomática a terrible persecución sufrida durante toda a infancia por parte dos ruíns compañeiros de clase, que se divertían pintándolle ó pequeno Genaro un mostacho vermello con tinta semipermanente; ou o terrible acne adolescente que supuraba continuamente inchándolle a cara nun xesto estraño. Xa logo, na súa madurez, que parecía comezar de maneira ponderada e ditosa, sucedéralle a peor das desgrazas. Coma se un demo se lle metese no corpo e non lle permitise andar ó xeito nin articular máis de tres palabras seguidas, Genaro arrastraba a súa coita dun lado a outro: namorara, ¡o pobre do Genaro!

Coñecera á Piluca nun vello café-cantante, algo cotroso. Sentado nunha das mesas de fomica a tomar un pequeno trago, pois o local non era lugar para opíparas comidas, viuna contonearse no escenario ó son da música dunha pianola chirriante. Foi un intre: mirouna, miráronse, e a frecha certaíra atravesoulles o peito. Genaro convidou á Piluca a uns “cacharros”, como diría o seu tío emigrado a Venezuela, e prometeron non deixar de se ver nunca, nunca, nunca.

Viñeron entón días de “quedadas” semiclandestinas e furtivos bicos. Citábanse os amantes nos locais máis atractivos da zona, os menos populosos, por aquilo de non esgotar as existencias, e entregábanse ó pracer de beber sen medida, chuchando zumes vigorizantes, ó tempo que se fitaban apapantisticamente. Os pequenos tugurios de máis de vinte anos, os establecementos de comida rápida, de recente creación, os restaurantes de postín, premiados en concursos... ¡Calquera recuncho era convertido en niñada de amor!

¡Ai! Aquel tempo feliz rematou de súpeto, drasticamente, o día no que os namorados acudiron despreocupados ó bar equivocado, que ben podería ser calquera outro, que non había signos que permitisen ventar a traxedia.

Algo así coma unha gadoupa monstruosa ripou a Genaro e á súa namorada da molicie e calorciño daquel, desde agora, maldito local.

- ¿Qué che pasa, Berenguela? - sentiuse - ¿Tes pulgas? Ah, son dous carrachos de nada, agarda, que os esmago.

E esta foi a historia do desgraciado do Genaro, ¡que Deus o teña na gloria!

Hart do Arroxó

Adicado ó meu amigo e colega da mili Alfonso,
no seu 42 aniversario.

Cosme

Cosme nunca vira o mar.

E, sen embargo, devecía polo reflexo irisado das valvas das ameixas, pola xesto inquiridora do rodaballo, polos catro vellos mariñeiros todos metidos nun bote, polo espertar do sol sobre as suavísimas ondas dalgunha praia de Riveira... Pero Cosme nunca vira o mar.

Sentir, abofé que o sentira moitas veces nas mans-pergamiño do compadre Ramón. E in- da o oíra, o mar, nesas noites de esmorga cantineira, hora propicia para os relatos do <glosario de una historia que no es>. Porque compadre Ramón fora mariñeiro, varado en terra por unha querencia, xa se sabe, pero se mariñeiro fora, mariñeiro era e sería. E verdadeiramente Cosme moito disfrutaba coas súas historias de vello bébedo. Así que, in da que Cosme nunca vira o mar, podemos concluír que era coma se o tivese visto.

¡Canto lle quería Cosme ó compadre Ramón! En canto este erguía, xa estaba Cosme ó seu pé, mirándoo con ollos de total entrega. Mesmo se podería dicir que andaba sempre ó ra- bo del.

Axudáballe a gardar as vacas e facíalle compañía cando ía á cava ou estrar o abono, que non son tarefas gustosas, nin para o labrego máis curtido.

A razón destes afectos seguramente residise no feito de que compadre Ramón curara ó magoado Cosme logo dunha rifa entre mozotes. Déralle acollida na súa casa e, desde aquela, case sempre o invitaba á merenda. Tanto fora o ben recibido que Cosme mesmo permitía que o compadre Ramón lle chamase, con sorna, facendo referencia ó cromático: *Morito*.

Mais, seica, un amencer de verán, o compadre Ramón non apareceu. E alí estivo Cosme o día enteiro á súa porta. <Virá mañá>, había pensar. Pero nin veu mañá, nin pasado, nin des- pois de ducias de mañás.

Chegou o outono amarelando. E a Cosme, claro, apertábano as caravillas da fame pois, malia que o convidaban a un tóspiro os veciños nas fins de semana, sendo un garulo coma el era, non lle chegaba nin para un dente.

Para máis, veu o inverno cun alento xeado que se metía rebuldeiro polas orellas guichas. Así, compréndese que a Cosme, por veces, lle levase a idea ir mendigar polo chigre ou no adro á saída da misa, pero: <¿e se compadre Ramón vén e non me atopa?> <Ha dicir que xa non son o seu amigo.>, debía de cismar aquela cabeciña, mentres aterecía á intemperie.

En fin, cada can lambe a súa caralla. E sobre todo os de palleiro, coma Cosme, que cada vez semellaba máis o can do Lagarizas.

Abelarda Ferrán.

- Pois dígoche que non, Pacita, que nin Euribor nin gaitas: se non atopo piso barato éche por causa da especulación

- Será, será... A min non sei que me badou o do banco sobre os tipos de interese, que resulta que a casa xa non me ha valer tanto se a vendo. ¡E levo pagando quince anos!

- E grazas. Que eu nin hipoteca nin deus bendito. ¿Queres vivir baixo un teito? Pois a sangrarche o soldo. E, se acaso non pagas, nin piso, nin saúde e a seguir apoquinando. Mira, prrrrttppm ____ trrrrr ____ piassssrrrrtttt.

- ¡Ai, Tomás! Arrima a unha beira, que perdes a cobertura.

- Xa, é que vou pola rúa. Dicíache que, o outro día, ensináronme un ático. Ben amoblado, vistas caralludas, algo pequeno, pero... ¡bha! Para min chega e sobra. Todo polo módico prezo de, agárrate, 50 millóns. <Es lo mejorcito que tenemos, alejado de la onda contaminadora.> ¡Manda carallo! ¡Cago no deus que os pariu!

- Relaxa, Tomás.

- Pero é que son culpables os que mercan pisos non contaminados e téñenos baleiros para facerchos desexar, e que pagues máis, que todo está calculado.

- Ademais, pouco han durar limpos, que agora está todo invadido. Iso agárrase á terra e acaba inundándoo todo.

- Será así. Eu non dou atopado casa, nin boa, nin mala, nin unha mísera esquina onde caer morto. Aquí, en confianza, Pacita, de vermeño da cereixa a vermeño da cereixa, isto do pestilismo éche unha carallada.

Historia adversus temulentos

Leda párola traía o Navos aquela mañá. Despachaba, abundante el, co primeiro maxistrado durante o seu cotián descanso das once mentres o viño corría gorxa abaixo máis veloz cós carros pola Costa.

- Ó cabo, Prudencio, rendécheste á evidencia: o voso sangue ha facer mestura coa nosa estirpe antiga de pretendendes chegar a Ser...

- Lémbroche que se o meu Secundo casa coa túa filla menor é unha incidencia de simple política provinciana, posta en práctica desde os meus xuzosos antepasados. Cuestión de aforrar: ¿para que, dime, dilapidar cartos das arcas do Estado en belicosas conquistas e sometementos inxuriosos que sementen o odio, podendo chegar a un amaño contigo, caro Navos, e cos demais poderosos deste voso territorio? E, por riba, gozando dos salvaxes encantos das mozas *lemavi*. ¡Ah, Turobia, que cabelos! ¡Tamara, Amala...!

- Bah, excusas... Sangue bo, é o que reclamades. Lémbroche que as miñas fillas teñen total liberdade para foder en quen lle pete. E en cuestión de *matrimonium*, como ti lle chamas, elas ben saben que é o máis proveitoso. Se acordou falarlle a algún escuchumizado da túa proxenie, ¡que sexa para ben! E ti vai mirando que o Secundo procure boas reses, que á miña fermosa Vlea non lle han faltar trinta ferrados de terra de labor.

O balbordo ía en aumento, a medida que se achegaba á parroquia a probar o viño novo, creándose un zunido constante que obrigaba a alzar as voces máis do recomendable.

- ¡Vaites, a quen temos o gusto de recibir! – berrou Prudencio - Ave, Fredesindo, loable cabaleiro victorioso.

- Mecagho en Lug e en todos os vosos deuses. ¡Menos retranca! Só veño aquí quentar a barrigha e non lle molesto a ninghuén.

- E, ¿que tal vai a "construcción" diso que teu pai pretende chamar pobo. ¡Oiches, Prudencio! Seica lle han poñer *Villa Egikaz*. ¡Nin a falar lles ensinaron ós coitados!

- Non me fodas, Navos. ¡Seghuirille o xogho a esta xentuza morocha! ¿Non son eu da túa mesma caste? ¿Non boto os nabos, coma ti, polos lameiros? Mal fixestes en amigharvos con morralla de tal calaña á que só lle interesa o ouro e os enghados das vosas fillas. Faime caso, Navos, a alianza entre os nosos pobos ha facer chegar un futuro ghlorioso. Fixate na túa xente, como prefire larghar connosco, fuxindo dos tributos que estes empregan en darlle ghusto ó corpo.

- Bha, faladurías de bébedo. Non lle tomes a palabra, Prudencio. E ti, ¡dá grazas que non lle conto ó teu pai como vituperas ós seus anfitrións!

- Non hai caso, Navos. Os vosos descendentes han bicar o chan pavimentado de todas as que antes eran carreiras, rendidos ante a superioridade da *Roma aeterna*.

- Aí os tes, ¡que arrogancia! Pero caerán os imperios enfangados no seu propio bulleiro... - dixo Fredesindo batendo ás mentres saía voando - .

Era unha mañá de Maio, cando os mosquitos pululaban nas barricadas de carballo daquela taberna da Vía XV, encontro habitual de notables indíxenas, romanos e doutras mesturas, coma os novos inquilinos suevos, que falaban o latín cun deixe estraño.

Ollándonos nº 76

Here with me.

Os purgazos

García remexíase ansioso na estreita cela, notando polo corpo un rumor de ferro enferruxado, coma grillóns que o amarrasen a unha pesada cadea interna.

Era seguro: sentía nas tempas a chegada inaprazable da hora da morte.

E, naquel trance, García, repasaba mentalmente outros tempos máis gloriosos, que non máis dignos, escravellando ben entre os intersticios da súa historia para comprender en que se trabucara.

Lembraba as mañás de estudo en monacal reclusión e as poderosas amizades adquiridas, que o obnubilaran nun soño de poder independente. Lembraba á súa xuízosa nai, soberana lexítima do vasto reino que a el e a seus irmáns se lles ocorrera, en mala hora, disputar. Lembraba a breve vida de *Rex* sen render contas e as falsas promesas de condes e bispos. Lembraba, en fin, as meles do triunfo e as ignominias da derrota, coma as secas areas do Alem-Tejo empoeirándolle a face.

Pero a memoria é caprichosa, e o que mellor lembraba García, con insistencia cabezona, eran os libros miniados de esmerada caligrafía, a dura pedra feita forma policromada e, inda máis, os aromas suaves dunha cabeleira louira sobre líntecas sabas, a mornura dos purgazos nunha noite de invernía, a calor das fogueiras de San Xoán ou os ríos de augardente a escorregar polas cavidades da gorxa, elevándoo, aquel recordo, sobre os grosos muros da súa fría prisión.


¡Cal ó revés actuara García! E, sen embargo, sabía, no fondo, que a ferralla que agora o fería, por propia vontade, o había de converter en Causa. El, *Garsea*, o inconsciente, paradigma da nobreza dun pobo.

Inda non ben posto o sol, rato común, Don García, parece na rateira na Era de MCXXVIII*, coa boca feita doce do sabor a purgazos, castañas novas cocidas no leite.

Aldara Castro.

* MCXXVIII da Era dos Césares, que comezaba a contar os anos o 38 antes da Era Cristiá. Ou sexa: 1128 = 1090 d.C.

Ollándonos nº 77



Madeleine

Madeleine era feliz.

¿Que lle importaban a ela as faladurías?

Atopar un *paternaire* de soño despois de tantos anos non era para poñerse a cuestionar menudencias. ¿Que ela era froito maduro e el un taludo fatón?, ¿qué entre ambos existía un abismo de diferencias inasimilable? Bah... Inasimilable, ¿que hostias significa iso no dicionario do Amor?

Primeiro foron os “si cariño”, “¡que ojos tan hermosos tienes!”, “cuánto me haces gozar, vida”. E as veciñas a burburiñar que se a idade, que se os cartos... En fin, enve-xas solapadas ante a promesa dun carallo grande e nervudo baixo os pantalóns.

Logo, viñeron os reproches, voltos murmurio amantiño para Madeleine: <Tes a cea fría e a cona seca, e se quero augardente non me deas a purrela>. E as veciñas a murmurar que se che é home fodido, que si inda non hai queixa, que cando a unha lle caen as tetas...

E veu un tempo de medo ás veces, de bicos escasos e dor abundosa, que Madeleine separaba en frasquiños estritamente ordenados para reciclar convenientemente en esperanza indestrutible. <¡Que unha non ha de morrer soa!> - pensaba-. E as veciñas non dicían nada.

Pero, Madeleine era feliz tramando a súa tea de proteína fibrosa máis resistente có aceiro, agardando, sen trampas nin veneno, a chegada do seu querido moscón.

Xela Nora.

Urganda volvérase gelipollas de vez.

Sempre tivera un aquel de impertinente e sabichona pero desta volta desenvolvíase coma se lle tivera instalado unha estrela de neon parpadexante na fronte.

Quería Trans-formar o mundo, facer a Re-volución, Restituír o paraíso...

Mais, ¿que vento e por que de súpeto lle provocaba semellantes galernas no seu inconsciente maxín?

Pois porque Urganda aprendera que ás veces, as tebras nas que permanentemente vivía sumida, parecían esvaerse, apenas un intre, ou milleiros de anos, non é doado precisar, e tendíanse pontes do Milenio, e había <papas de millo miúdo>, e auga de rosas do San Xoán, e mel do Castriño de Barantes para os beizos atrecidos...

E Urganda vira que aquilo era bo.

Pero ben sabía Urganda que, de todos os xeitos, andaba a facer a gelipollas (ou a gelichocho, por falar con propiedade). Sabía que a felicidade se lle esnaquizaría a cada intre contra a comodidade dos máis e a ruindade manifesta dos poucos.

Pero aí estaban as pontes; e os espellos. <¿Por que ademais de cega non podería ter nacido nunha furniña de cristal opaco?> - cismaba-.

Preguntábase, en fin, encabuxada, Urganda, por que non podía evitar arrincar a peluxe e esbardallar por asuntos que sucedían máis aló da súa pequena toupeira.

Merk Adante.



Urganda


Ollándonos nº 78



Iago



Mercedes



Celia




Clara



Barbara



Oscar



David



Eduardo



Sonia



Daniel



Pablo




Omar




Samuel



Begoña



Daniel



Mercedes Tono/Javier



ENTREGA DE PREMIOS MARATÓN 2007

OLLÁNDONOS Nº 79b



Memoria dun suicidio

Outra vez...

A eternidade da noite sublima os meus pensamentos.

O espesor da verde e fresca herba
entremétese entre os meus dedos.

A herba esmagada será a pegada da miña vida...

Que se esvaeceará co tempo...

Coma todo...

A friaxe da coitela agarímame as bonecas...

Brota do meu corpo unha vermella esperanza,

Todo o que me facía sentir viva escapa...

Como pétalo de rosa no vento...

Xa chega o momento....

Por fin...

Unha leve ledicia invádeme.

Adeus.

daniela

M

OLLÁNDONOS

Nº 81

A

Benvida a este o noso centro, do que non quererás marchar dende que estas dentro.

R

Co teu libro fixéchesnos soñar e agora coa túa presenza imos gozar.

I

Coa túa historia chea de emocións aprendemos a apreciar as nosas xeracións.

C

A

Aprendemos a loita das mulleres máis alá dos seus deberes.

C

Cóntanos o teu segredo mellor gardado e dinos o nome da nai dese ser aínda non nado!

A

M

P

O



Eu son das Burgas,
terra da chispa,
fillo do Miño onde cruza Pontevela
e antes dela morre o Sil.

Sangue de afiador,
namorado do solpor,
porque sempre digo volto
e cando volto, ela esta alí.

Marcha peregrino,
marcha que xa voltarás
con novos contos das túas viaxes,
novos soños, novos traxes.

Ó vir dos novos mundos
evitou tempos de guerra,
acadou a bela meta
e foi profeta na súa terra.

Así que marcha co vento en contra,
cagas na conta,
mentres que deixas aí detrás
tampouco saben ben que fan,
e dirán....¡ai o vai!

Outro máis ó que queremos
volta cando podas neno,
non te esqueceremos.

A miña casa vai do monte ata las rías,
quen diría hoxe en día,
daría máis do que ninguén quería por
onde Carlos Núñez soa con Luar na Lubre
Onde deus vixía todo e máis detrás das nubes

¡Galicia!, moza de ollos verdes e de belas experiencias,
segredos agachados que aínda non viron as cinzas,
cantos foron a chorar a túa ausencia,
cando viña a sorprendelles este exilio por sentenza.

A morriña, a nosa compañeira de fatigas,
como proba a súa presenza inevitable nas cantigas,
dos que aínda te lembramos, aínda te levamos dentro
dos que nunca esqueceremos que
¡este acento sae do peito!

¡Galicia!, nai dos emigrantes máis queridos,
muiñeira nos latidos das mulleres e maridos,
pais do ceo, dos ríos, dos regatos e das fontes.
Alá onde te encontres haberá sempre un galego.

¡Galicia!, nai dos emigrantes máis queridos,
muiñeira nos latidos das mulleres e maridos, pais do ceo,
dos ríos, dos regatos e das fontes.
Alá onde te encontres, alá onde te encontres...

Na beira
de fora

Ergue peregrino, érquete que teñas sorte,
que queda xa moi pouco, veña que tes que ser forte.
Por iso tira recto, por iso tira lonxe,
por eso mira á fronte non perdas de vista o norte.

Que, compre arriscar o demais pode agardar,
hoxe pintas con celeste o xesús do teu altar.
Máis, para voar xa é cedo e tarde,
e agarde quen agarde, que agarde.

E dediqueime a fuxir dos novos lazos
de vivir en outros brazos.

O camiño foi pesado mais estiven o teu lado
atopei un novo lar e dóeme pensar...
no sei non, que non sei se voltarei.

Entre algures e ningures podía ser o teu fogar,
entre algures e ningures un lugar para voar,
que na terra en que naciches non puideches,
saíches esperando facer e non fixeches.

E ¿que din os rumorosos na costa verdesciente
ao raio transparente do prácido luar?
¿que din as altas copas de escuro arume arpado
co seu ben compasado monótono fungar?


Non ía primeira, derradeira
nadei nas túas costas, andei as túas beiras.
¿Quen oíu tocar a miña fruta de madeira?
Perdina xa fai tempo, co meu himno a rianxeira.

¡Galicia!, nai dos emigrantes máis queridos,
muiñeira nos latidos das mulleres e maridos,
pais do ceo, dos ríos, dos regatos e das fontes.
Alá onde te encontres haberá sempre un galego.

¡Galicia!, nai dos emigrantes máis queridos,
muiñeira nos latidos das mulleres e maridos,
pais do ceo, dos ríos, dos regatos e das fontes.
Alá onde te encontres, alá onde te encontres...

Volta peregrino, volta xa, que xa é dabondo,
recolle o teu exilio que amado foi no fondo,
volta o teu fogar se podes se aínda estás
Senón... descansa en paz.

OLLÁNDONOS N°83



2006-07

MANDA AS TÚAS COLABORACIÓNS A OLLÁNDONOS@HOTMAIL.COM

WWW.IESDAVIÑAREI.COM/LITERARIA

OLLÁNDONOS nº84

○ PIRAGÜISMO ○ ○ ○

Apareceu como consecuencia da necesidade que o home tivo dende as súas orixes de dominar un elemento como é a auga. As antigas civilizacións, dende un principio, deseñaron por iso distintos tipos de embarcacións sinxelas, pero ó mesmo tempo dotadas de gran manobrabilidade, seguridade e eficacia.



Descenso Extremo 2007. Río Ulla

Este deporte pode englobarse en tres especialidades fundamentais dependendo do escenario : augas tranquilas, río deportivo e augas bravas.

Dentro do ambiente deportivo local, os piragüistas do Clube Quixós cambiamos sempre que podemos as augas tranquilas do Cabe ó seu paso por Monforte polas augas bravas e sempre emocionantes e impre-



Modalidade do rodeo, no Río Cabe

visibles de ríos cercanos como o Lor ou doutros máis alonxados como o Noguera Pallarés ou o Esla; ben sexa para competir tanto en descenso como en slalom ou simplemente para disfrutar dun rato divertido e de sensacións especiais, coa única axuda da embarcación, a pa e a habilidade necesaria para sortear os obstáculos naturais do propio río.



Copa de España de descenso 2007. Río Lor

Laura Cabo Domínguez

OLLÁNDONOS Nº85

O día que fun cuns amigos á exposición que organizaba o noso profesor de debuxo Rosendo Cid en Ourense foi un día polo menos estraño.

Subimos nó tren as 4.30 da tarde, pero partimos case as 5.00 deixando tras de nos un día escuro e frío en Monforte de Lemos. Cando chegamos a Ourense cerca das 6.00 as nubes tornáronse en sol sen explicación ningunha, pasamos dúas horas por Ourense xa que a exposición de Rosendo Cid Menor "Un Minuto de Arte (aprox.)" comezaba ás 8.00.

Nestas dúas horas tivemos tempo de dar unha longa volta e de comer algo antes de marchar cara á exposición, que se celebraba no Centro Cultural de Ourense. Pero, o que non imaxinabamos, era a sorpresa que levaríamos máis tarde cando entramos naquela sala ampla con infinidade de cadros colgados na parede e rodeados certamente de obras tan fermosas que ben merecían todo o esforzo que realizamos para estar allí. Ademais das pinturas había na sala esculturas e fotografías nas que se podía recoñecer a cara do noso profesor de Debuxo Técnico.

Estivemos contemplando as obras un longo anaco, entretidos por dous fotógrafos que intentaban por tódolos medios sacarnos unha foto para uns periódicos locais. Nesta exposición coincidimos con xente coñecida, á parte do xa mencionado Rosendo Cid, tamén coincidimos con outro profesor, que non pensaba que tivéramos valor para ir ver a exposición, era Gumersindo, estivemos falando ó longo da nosa estancia na exposición cos dous, ata que nos chegou a hora de retorno a Monforte.

Cando saímos do museo e nos dispoñiamos a coller o coche, mirei o ceo e vino totalmente despexado de nubes, nel podíanse distinguir un gran número de estrelas, o que me levou a pensar se esa imaxe, unha das máis fermosas que un home pode chegar a ver na súa vida, podería chegar algún día a facerlle sombra ós cadros, esculturas e fotografías realizadas polo mellor artista que eu coñezo, Rosendo Cid Menor.

Vinteseis de maio do 2006, tras oito meses de esforzo, nos que se traballou duramente pero con ilusión na adaptación da idea orixinal para o guión, na obtención duns espectaculares resultados interpretativos e na coordinación de máis de vintecinco persoas no que a acción, música e son se refire, lógrase estrear

“AS 9 DOS 90”

A obra foi o resultado dun traballo de investigación sobre a poesía galega feita por mulleres, concretamente nove poetisas: **Yolanda Castaño, Olga Novo, Lupe Gómez, María Lado, Emma Pedreira, Estibáliz Espinosa, Marta Dacosta, Emma Couceiro e María do Cebreiro.**



Combinando os seus versos logrouse facer unha sucesión de nove escenas nas que o predominante eran os versos, mostrar a capacidade de manter a todo un auditorio en silencio con algo tan novedoso como a poesía, apenas entendible pero si perceptible; perceptible o seu espírito innovador, puro, directo, abraiante.



Mesturando esta lírica cunha música coidadosamente escollida de compositores clásicos como Berlioz ou Carl Orff e bandas sonoras de películas como Eduardo Manostijeras ou El Señor de los Anillos, cunha iluminación sorprendente e cun sentimento impresionante, acadouse un resultado femosísimo: sinxelo e complexo á vez, escuro pero con luz, xordo e sonoro, serio mais informal...indefinible.”

Paula Martínez García



O CONTO DOS SOÑOS TRISTES

Chega a noite, pecho os ollos, sinto medo nos meus adentros, sinto un calafrío na mente e centos de mudos pensamentos. É moi triste o meu durmir, máis alegre o meu espertar nos meus soños non hai vida, non hai nada que contar.

Non pode evitar entristecerme a escuridade... non é quen de imaxinar o que ocorre de verdade, nin hoxe nin onte nin nunca... fun quen de conseguir que as miradas de cada noite fixéranme sorrir.

Mentres tanto seguirei esquivando as xogadas do vento, esquivando os tristes soños que horrorizan o meu pensamento.

Begoña Naveira Núñez

Sen forzas para facer nada, ela camiña pola rúa rumbo a ningures. Leva a vista fixada no chan, posto que, segundo lle parece, ata os descoñecidos a miran con burla. Non ten moí claro o que pasa pola súa cabeza, mollada por causa da choiva... Non sabe o que pensa, pero pensa. Ao fin e ao cabo ultimamente non entende moitas outras cousas... Mentres estes - segundo ela- estúpidos pensamentos sobre a súa vida, ateigan a súa mente, vai recorrendo o camiño que a levará ata a súa casa –agora xa sabe a onde vai- a través desa céntrica rúa dunha cidade gris.

Fátima Piñeiro García

Confeso que estou tola

Confeso que estou tola:

*Teño alucinacións multicolores
Nos plenilunios e ando a cortar lilas de auga
Para poñer, vizosas, en púcaros de lume.
Porque vén ser que alobo cando a lúa é máis grande
E branquiamarela na pupila do mundo.
Daquela escoito músicas de tambores e frutas
E bailo cos pés nus no cavorco da noite.
Penduro das orellas espantos coma bríncos
De morcegos pregados e falo coas curuxas
Na lingua máis arcana.
(Ignoro se me ollades, se estou engaiolada
E vós, por divertirvos, ceibades cacahuetes
Entre as reixas que afastan o meu soño e o voso)*

*Confeso que estou tola: teño unha barca branca
Que navega por rúas e por ríos de vidro
E eu vou de pé na proa, cos remos cara ao ceo,
Derrubando as estrelas.
(Non sei se as recolledes, se apañades os froitos
Da vendima dos astros para facerdes viño
E cuspiro nos ollos)*

*Confeso que estou tola: Eu vivo no tellado
Da casa e cando chove bebo a chuvía que cae
E dela me alimento. Béboa coma quen bebe
Tempo desconxelado, champaña á fin da festa
Ou un amor que pasa. Despois, cando clarea,
Perdo o medo e camiño sempre á beira do aleiro
Desafiando a altura.
(Descoñezo se andades a chamar os bombeiros,
Porque a vertixe é vosa e a bebedela é miña)*

*Confeso que estou tola: quero facer fileiras coas formigas,
Confeso que estou tola, e que leven pancartas co teu nome,
Confeso que estou tola.*

*Quero subir ás barbas do xigante, confeso que estou tola,
e dicirlle na orella algún segredo, confeso que estou tola.
Quero coller o touro polo alento, confeso que estou tola
E levalo a unha feira nas galaxias, confeso que estou tola.
Non quero ir convosco á perruquería, confeso que estou tola,
Gusto de ser a muller despeiteada, confeso que estou tola.
Confeso que estou tola, confeso que estou tola,
Confeso que estou tola. Amén.*



BALANCE MOI POSITIVO DA VIAXE LINGÜÍSTICA-CULTURAL DO IES DAVIÑA REI A FRANCIA

A madrugada do pasado domingo regresaron a Monforte os 30 alumnos/as do IES Daviña Rei que participaron nunha viaxe lingüística-cultural a Francia, iniciada o luns anterior. Pertencentes aos cursos de 3º e 4º de ESO, así como de 1º e 2º de Bacharelato, os participantes estiveron acompañados polos profesores/as do centro Soidade López Janeiro e Miguel Cumbras Álvarez.

O primeiro destino do grupo foi Strasbourg, a coqueta vila alsaciana, sede do Parlamento Europeo e propietaria de diversos monumentos de gran riqueza na súa zona vella. Mesturábanse aquí obxectivos dispares, é dicir coñecemento da afamada institución europea e visita a pé da sétima vila de Francia e a segunda en porto fluvial.

No edificio "Louise Weiss", unha das sedes do organismo continental, os alumnos/as monfortinos asistiron a unha charla debate con técnicos e asistentes para coñecer detalles da Unión Europea. Posteriormente foron recibidos polo eurodeputado e vicepresidente do ente europeo Aleix Vidal-Quadras, que seguiu aclarando as súas dúbidas antes de asistir a unha reunión de devandita cámara.

Na vila alsaciana os estudantes tiveron ocasión de coñecer elementos tan variados como a Petite France, a catedral gótica Notre Dáme, a Praza Gutenberg ou a Place Kleber. Diversas actividades propostas polos seus profesores permitíronlles practicar igualmente a lingua apresada e estudada nas aulas.

París, segunda parte:

Tras concluír a súa estancia en Strasbourg, a expedición de Daviña Rei cruzou vía tren desde o leste cara ao centro de Francia, e en concreto a súa capital París. Na vila do Sena esperábanlles tres xornadas cargadas de actividades de moi variada índole.

Así, todo iso a pé, percorrendo dun extremo a outro a cidade da luz, os mozos/as foron descubrindo os principais *arrondissements*, á vez que os máis significativos monumentos: Museo do Louvre, Place da Concorde, Champs Elysées, Tour Eiffel, Invalides, Petit e Grand Palais, Montmartre, Sacre Coeur, Notre Dáme, Quartier Latín, Tour St.Jacques, Centre Pompidou, etc. Un percorrido global, aderezado de diversas actividades de práctica da lingua, para ter unha visión o máis completa posible da metrópole gala.

Cansos, pero satisfeitos, os alumnos/as do Daviña Rei regresaron a Monforte cun balance moi positivo da súa viaxe. Coñecer outras culturas, descubrir a realidade europea e practicar unha lingua estranxeira estudada na aula eran os obxectivos, cumpridos con fartura.



A VIAXE LINGÜÍSTICA-CULTURAL DO IES DAVIÑA REI A FRANCIA EN IMAXES



Strasbourg: Parlamento Europeo



Strasbourg: Petite France



París: Centre Pompidou



París: Conciergerie



París: Notre Dáme



París: Tour Eiffel

TRASMÁN

I. Fume e choiva. Eu morría
dun oco que me esgaduñaba os ollos
quecidos de choraren; antes,
as bagullas eran tona, agora cheiran.

Fito a Atlas. Aturuxa cristal e pedra.
Chíos moles que creban as miñas tetas mornúas
no solpor do Toural. E ollo o plomo e a aba
do ceo que hoxe -trasmán-
-me rabuña a gorxa.

II. A xerfa da túa pel chamábame
e eu non a ouvía.
Os meus dentes, adoas crúas,
roían as meniñas arxilosas dos teus ollos.
Falastes en ferinte con mans
que esnaquizaron mans
e, afastada do tempo,
fartei de tempo.
As copas fixéronnos proe-las costas,
mais hoxe ouves aló.

III. A acupuntura cincha o crisol do desexo,
o recendo a bravío e a suor.
Véxote en verde de olgas
e as rochas atordóanme o senso;
son axóuxeres infindos que rouben
polo BALEIRO.
Coas pernas mutiladas,
coa pel asulagada de metal,
coas tetas mornúas,
Véxote nas olgas.
Tamén ti me has ver.

IV. A tea de fel e navallas que me arrinca as costas
balborda o cheirume a sono
polas mentiras sen xeito.

V. No Woody.
Non quería ir, mais
as mans queríante ver.
No Woody. Non querías vir,
pero empurrábante os pes.
Penal da noite o Woody...!
Quizáis ti non querías vir
nesa noite de aldraxe,
nesa noite na que eu
non pidía a esmola dun bico teu
nen dunha aperta.

Xa nós non estamos.
Xa non hai Woody, nen ti, nen eu.
Díxenche que máis nunca,
e lémbrote cos ollos da ialma.
Véspera da choqueirada. Venres

VI. Crávanseme nas unllas
as túas verbas-espello,
e rabúñame as pálpebras
a leria salgada túa,
e a lenda túa -madía leve!-,
e o bico pétreo
cando me fala en ferinte,
e os ollos vivificantes
se me asorellan.

Cravásenme nas unllas
as túas verbas-espello,
porque espellan nas fiandeiras
do runxe-runxe.

VII. A Vestal nace no curruncho dos libros
e aniña na nos do touro. C H A V E
A Vestal ri con xoias
en fronte dos pinos
e o tempo remata
nunha camiseta.

VIII. O veneno dos ciumes tinxo o padal
e fai cuspi-los bicos que non se dan.
Carename a boca do estómago
e salóucame da cama ó chan
cunha aguillada, porque
as verbas-espello reflecten
pel de area e mans de viúva.

marga

Ollándonos n°91

19 de novembro de 2007

I.E.S. Daviña Rei

Darío Xohán Cabana Galván en Saor



O corvo branco revouu tres veces sobre o petouto, e logo safu largado cara ás carballeiras de Saor. O señor Galván montou na motocicleta e deulle ó pedal. O motor bruuu poderoso. Meteu primeira cun rexo golpe de pé, soltou o embrague pouco a pouco e botou a andar pola estrada do Leste. Chegado á Valeca, colleu a man destra por entre as carballeiras de Calibón, en segunda e a medio gas.

Sentiu un berro de lonxe e meteu esporas ó caballo. A súa negra armadura e o escudo coa sina do falcón vermello resoaban metalicamente cos golpes das ramallas máis baixas dos caxigos, pero señor Galván corría a galope na dirección do berro, ata que chegou a unha clareira da fraga. Un anano estaba atado con corizas de coiro a unha vella carballa.


1
u
n
s
19
á
s
16
h
o
r
a
s



A TERRA

**A TERRA VIDA MIÑA
MIÑA SON AS TERRAS
TRIGAS, HORTAS, MILLAS
TERRA DE AUGA
TERRA DE VIDA
TERRA DO SILENCIO
COMO UNHA HEROÍNA
DA VIDA, DO MUNDO.
A TERRA LEDA CHEA
DE PINOS, HERBAS E XESTAS.**

Anónimo



MARICA CAMPO NO DAVIÑA REI

O mércores día 23 de maio, os alumnos/as de cuarto do I.E.S Daviña Rei, tivemos o pracer de poder compartir a tarde con **Marica Campo**.

A escritora chegou ás catro da tarde e confesou que se viña falar con nós era porque leramos un dos seus libros, neste caso **Memoria para Xoana**.

Para recibir a Marica puxemos uns carteis por toda a biblioteca cun poema adicado a ela. Cando entrou na biblioteca, dúas alumnas tocaron unha peza coa gaita e coa pandeireta. A continuación outra alumna presentouna e recitou un poema de benvida e xa comezou a charla.

Non foi un relato como os que se fan habitualmente nos institutos, nos que tódolos alumnos se aburren, senón que foi todo o contrario, unha actividade na que todos/as gozamos. Creo que o motivo de que fose tan divertida foi que a escritora conectou moi ben con nós porque sabe escoitar aos adolescentes, xa que, a parte de ser escritora e poetisa, é mestra de galego nun instituto.

Marica recitounos un poema que se titulaba "**Confeso que estou tola**" e explicounos cal era o seu sentir sobre este. Logo falounos do seu libro *Memoria para Xoana*. A continuación houbo unha quenda de preguntas que fixeron os alumnos/as sobre o libro, e hai que dicir que eran todas moi interesantes. Finalmente a escritora asinou libros a todos os que o desexaron.

Pasámolo moi ben. A mellor forma de que che guste a literatura é poder coñecer tan ben os seus creadores.

Por qué hai que ler poesía?


1. Porque é a paisaxe da nosa alma reflectida en trazos.
2. Porque non é preguiceira á hora de amosar sentimentos.
3. Porque é o berce onde dormen tantas e tantas palabras fermosas ou ás veces de ira, pero sempre son palabras que saen do corazón.
4. Porque son momentos, instantes, pensamentos, recordos inesquecibles, que tan só así poden ser recordados, facendo que cada sorriso rime co anterior e que cada bágoa marque o cambio de estrofa.
5. Porque é música sen necesidade de molestias, podes collela só para ti, non deixar que ninguén máis entre nese mundo musicado onde tan só ti es o que pon a música e o que entende o que en cada palabra agocha cada nota que sae do teu cerebro en forma de melodía para os teus ollos.
6. Sempre se pode descansar debaixo dunha árbore cun libro que che faga converter o teu redor no que ti queiras...

Sheila González Cercas

E todo isto tan só por ler poesía!!



Isaac Díaz Pardo "Xentes" (frag.)



Esta historia trata dunha nena de trece anos que ten problemas a raíz da súa amizade cun antigo amor da súa nai: Don Manuel. É un escritor solitario retraído polos fanxistas, e na actualidade igualmente polo alcalde e o pai da nena: Aldara.

Um día a garda civil dálle un ultimato a Don Manuel para que lisque da vila. Aldara vaino visitar por última vez e deixa unha pista na súa casa, o seu paraugas, que é atopado polo seu pai, que bébedo, colle a escopeta para ir á casa de Don Manuel. A súa nai intenta retelo e na disputa, colle a escopeta e dispáralle un tiro nas costas. Cando veu ninguén culpou á nai e o pai recuperouse. Aldara marchou com Don Manuel e chegou a ser ministra do goberno.



NON DESTE XEITO

Amador Vidal e Francis Lema levan de costado o seu Mitsubishi. É na derradeira proba do campionato de España de ralis de terra, nas pistas forestais do concello de Teixeira, onde as provincias de A Coruña e Lugo limitan, no corazón da serra da Serpe.

Fano así porque deste xeito espectacular pódese pilotar en competición, traccionando as catro rodas do coche xaponés, ofrecendo esta imaxe para que a capte a cámara e gocen dela os afeccionados.

Pero así só se conduce nas carreiras, cando treitos de asfalto ou terra, circuitos pechados ou polígonos transformados en pistas, posibilitan a práctica deste deporte chamado automobilismo. Imitar os pilotos en estradas abertas ó tráfico, en rúas que poden atravesar viandantes, é de covardes, de insensatos que á hora da realidade non serían capaces de facelo mesmo que os protagonistas desta fermosa instantánea.

As estatísticas móstrannos a coñío como a xente queda na estrada, como se segan vidas, novas e de idade, por mor dunha serie de circunstancias. Alcol, despistes, emprego de aparellos electrónicos cando non se debe, excesos de confianza, e, por suposto, velocidade. Se queres que te pillen nunha foto como esta, pensa que cando sobes a un coche es ti quen controla os seus mandos.....

*Sedutora e imperceptible, rosa
aparentemente sereca, de enve xa
cargadas está esta espiñosa,
agóchase na color, para que non se vexa.*



*Malicia agochan os teus pétalos,
e os estames a fealdade real,
así son as súas espiñas
que verdadeiras nunca serán.*

*¡Oh, maldigo a rosa, espello
do teu estúpido cometido!
que o que non se sente non é belo,
e o que non se sente nun suspiro
non se sente nun momento.*

*¡Maldigo a rosa que se valeu da traizón,
ferindo, matando, sen razón.*



*Meu pobre corazón xa só é cinzas,
levadas por un vento de frío sepulcral,
pois ninguén che perdoará a vida,
nin alma, o sentido, valerán,
*X*ustificación, dun crime increíble,
barbaridade inconfundible
entre unha inocente rosa e un verdugo,
a dor miña, xa non é visible,
mal fixeches, agora non,
perdóche antes de que morras
no sangue das túas vítimas,
e cando nas concas baldeiras
afogues nas lágoas dun
alguén descoñecido, que perdeu
por tí a esperanza de vivir.*



Miriam Vázquez Varela.

25/10/07

Nostálxica agonía

**Bágoas de cristal, neve fría,
triste e melancólica agonía,
crecente dor, moribunda alegría,
nas fazulas vanse quedando sen
vida.**

**Agudeza a voz, palidez o rostro,
pois non hai máis que un triste e
borroso,
recordo do que se levou o coloso
do que deixou de ser presente e
gozoso.**

**A angustia, sen descanso, consú-
meo,
primeiro e sen ningunha piedade,
despóxao da súa única felicidade.**

**Logo quédase sen corazón,
máis tarde sen sentimentos,
ata esquecer vivir, a razón
En individuo abstracto convérte-
se,
un ser de sentimentos indifere-
tes,
el, non persegue nada,
pero a el perségueo a morte**

**Pois non hai maior consolo,
que seguir amando o do sono eterno,
e pois non hai maior desprezo,
que abandonar todo por afecto
os amados que aquí quedaron,
doridos, tristes, desconsolados,
arrepentidos, sentimento culpable
polo cal non merece xuízo,
castigo imperdoable,
acusados eles séntense, vicio
indiscutible, tenrura incomprendible.**

Miriam Vázquez Varela

17 de decembro de 2007

Ollándonos

I.E.S. Daviña Rei

nº98



OLLÁNDONOS

10/1/2008

Nº 99

I.E.S. Daviña Rei

Presentación de Darío Xohán Cabana:

Hoxe temos o pracer de ter connosco a un dos escritores máis significativos dentro do panorama literario galego actual. É, coma quen di, un veciño xa que é nado na vila luguesa de Roás. Traballou en edicións Castrelos, editorial dirixida por Álvarez Blázquez. Foi nesta etapa cando afondou no coñecemento da literatura galega medieval. Este coñecemento vese reflectido nunha das súas obras máis salientables e motivo de estudo para nós neste curso, como é Galván en Saor, novela coa que acadou o premio Xerais en 1989. Tamén por aquel entón, da man de Manuel María e Méndez Ferrín, achegárase ao estudo da literatura galega moderna. Precisamente, Manuel María foi o seu mestre e guieiro na aprendizaxe poética, quen por aqueles anos o recibía a miúdo na súa casa de Monforte de Lemos. Gustaríanos que aproveitara a súa breve estada na nosa cidade para visitar o monumento de homenaxe que o pobo monfortino lle adica a tan querido poeta como foi Manuel María.

Na súa formación literaria están moi presentes os poetas europeos clásicos, como Petrarca e Dante. A tradución que fixo da Divina Comedia de Dante fíxoo merecedor da medalla de ouro outorgada polo concello de Florencia.

En abril do ano pasado entrou a formar parte da Real Academia Galega, en recoñecemento á súa actividade literaria e de defensa da nosa lingua.

Por último, non queríamos deixar pasar a ocasión de transmitirle os nosos máis sinceros parabéns pola recente oposición aprobada, cunha excelente cualificación, todo sexa dito, para cubrir o cargo de responsable de publicacións no concello de Lugo.

Grazas por compartir connosco un anaco do seu valioso tempo.

IES Daviña Rei, Monforte de Lemos a 19 de Novembro do 2007



*A auga é o maior tesouro da humanidade, a
humanidade é a meirande creación da auga...*

